

**Carta aberta sobre o Pleno de Constitución da Corporación de Sober
ás 00:01 h do 15 de xuño de 2019**

Estimado Luis F. Guitián, compañeiro:

As concelleiras electas de Agroma Sober valoramos coas nosas compañeiras e compañeiros de candidatura a posibilidade de non asistir ao Pleno de Constitución da Corporación, o que se celebrará ás 00:01 horas do 15 de xuño, e adiar así a nosa toma de posesión á seguinte sesión, pero, finalmente, alí estaremos.

O que nos agrada desta vez – a terceira na que a Corporación do Concello de Sober se constitúe de *quasi* madrugada - é que se recoñeza abertamente que esta medida é para poñer Sober no “foco mediático”, para facer propaganda, porque o argumento de que esto se fai para “traballar dende o minuto cero” é falaz, pois pouco se pode traballar ao día seguinte en boas condicións se se alonga a madrugada con pinchos e viño de Amandi. Pero, máis aló do chascarrillo, hai que ter en conta que celebrar o Pleno a horas intempestivas supón obrigar a facer horas extraordinarias ao persoal e xornalistas que veñan cubrir o evento, por unha situación que non é nada de urxencia: só de representación. Convertir a política en espectáculo fainos esquecer a conciliación e os dereitos da clase traballadora.

Este tipo de eventos da “Política”, nos que o que importa é figurar e ter presenza, van en contra da conciliación; están pensados para varóns de clase media alta e sen responsabilidades familiares (non é o teu caso). Para nós é un esforzo enorme; un embarazo de sete meses non permite estar descansada e cómoda a esas horas nin unha nena pequena vai agardar na casa sen se deitar a que chegue a mamá. Non imos de vítimas, senón que poñemos sobre a mesa que a política espectáculo está pensada para antes sen corpo, esquecendo a dimensión da vida que ten que ver cos coidados.

A tendencia xeral a esta política de eventos e á necesidade de ter presenza fronte a primar o traballo serio e rigoroso, non queremos aceptala. Sabemos que é un día puntual, un xesto, algo pintoresco, pero remata por devir na tónica da lexislatura, pois,

desgrazadamente, en Sober, en moitas ocasións primase o espectáculo antes que o fondo.

Sexa xesto simbólico o pleno de madrugada, pois. Nós reivindicamos outro: escribirche esta carta para reivindicar que a política ten que ter en conta os condicionantes da vida.

Seguro que quedamos de “prosmas” por non sumármonos entusiasticamente aos fastos, pero non viñemos aquí para quedar ben, senón para transformar o mundo.

A política ten que deixar de ser o lugar da representación e converterse no lugar da vida.

Paula Vázquez Verao

Samanta Fernández

Concelleiras electas de Agroma Sober (Interior Galego Vivo).

13 – xuño - 2019